

Conceptos básicos sobre o Holocausto.

Xenocidio: persecución e asasinato sistemático, burocráticamente organizado e industrialmente realizado de máis de seis millóns de xudeos europeos polo réxime nazi e os seus colaboradores durante a Segunda Guerra Mundial.

A ONU só recoñece con este concepto ás vítimas xudeas e xitanas, o resto son crimes contra a humanidade (por exemplo, os armenios asasinados polos turcos). **Holocausto** aplícase, exclusivamente, ao xenocidio dos xudeos polos nazis. Os mesmos xudeos adoitan referirse a esta traxedia como Yrban (ruína) ou **Shoá** (catástrofe).

Foi posible polo **antisemitismo** social existente na Europa do século XIX como rexeitamento do protagonismo que acadaran os xudeos asimilados na expansión cultural (Marx, Einstein, Kafka, Freud), económica (Rothschild, Pereire) e mesmo política (B. Disraeli) da época. Ese antisemitismo conxugado coa tradición histórica alemana e a ciencia racialista do século XIX alicerzaron as teorías nazis do *lebensraum* e da supremacía racial, que xustificaron a construción dun discurso de Estado para exterminar ás persoas de etnia xudea e xitana.

As **Leis Raciais** de Nuremberg estableceron os criterios de ascendencia xenética para definir aos xudeos. A expropiación dos seus bens e o fomento da emigración pretendía suprimir a presenza xudea en Alemaña. A sociedade alemana beneficiouse das expropiacións das propiedades dos xudeos. Xa eran antisemitas e o proveito que tiraron converteunos en nazis o mesmo que aos colaboracionistas lituanos ou bulgaros durante a guerra.

O **kindertransport** sacou máis de 10.000 nenos xudeos alemáns por Holanda e Bélxica cara Gran Bretaña onde os acolleron e criaron familias inglesas. Dese grupo saíron dous premios Nobel.

Os **einsatzgruppen** eran unidades de soldados voluntarios que actuaban na retagarda executando matanzas móbiles de xudeos dende o comezo da operación Barbarroja (invasión da URSS o 22-VI-1941). Os membros dos *einsatzgruppen* podían pedir o traslado sen sufriren represalias, mais a súa misión non era perigosa e mesmo recibían aplausos dos lugareños que asistían aos asasinatos cos seus nenos (hai fotos deste tipo en Lituania). Adoítaban estar sempre bébedos e cos uniformes tinguidos de sangue. [véxase <http://www.ushmm.org/wlc/es/article.php?ModuleId=10005767>].

Os xerarcas nazis deseñaron na **Conferencia de Wannsee** (20-I-1942) un programa de exterminio sistemático dos 11 millóns de xudeos, que contabilizaran nos territorios que ocuparan no Leste de Europa, ademais dos que calculaban que vivían en Gran Bretaña e

dos descendentes dos conversos españois. Para desenvolver esta **Solución final**, estableceron unha rede formada por **tres tipos de campos**: de traballo, de concentración e de exterminio. Os cinco deste último tipo funcionaron en Polonia porque tiña a maior poboación xudea e as mellores liñas ferroviarias. O campo de Maidanek viase dende Lublin e os poloneses asistían aos asasinatos. O de **Auschwitz** foi o modelo desa **industrialización do exterminio** con 44 vías ferreas (Chicago só tiña 38 naqueles anos). En abril de 1943 exterminaran xa ao 80% do total de xudeos asasinados ata a liberación dos campos: 900.000 en Treblinka, 500.000 Bergen-Belsen, 1.100.000 en Auschwitz-Birkenau. Neste complexo da morte ensaiaron a recuperación do pelo e dos dentes de ouro, abundantes porque era o material usado habitualmente na época para os implantes. A **resistencia nos gheto**s estivo condeada ao fracaso pola falla de recursos. Porén, foi emblemática da dignidade do pobo xudeo. O gueto de Varsovia resistiu 23 días o avance alemán con carros e avións, máis que o estado polonés en 1939. 3000 xudeos fuxiron do campo de exterminio de Sobibor e salváronse 200 deles. En Treblinka subleváronse e voaron a cámara de gás. En Auschwitz conseguiron voar un crematorio e fuxiron máis de 700. Os mozos do gueto de Vilna fuxiron ao bosque de Rummule.

2. Bibliografía sobre o Holocausto.

Existe unha considerable **producción testemuñal** sobre o Holocausto, ademais dos coñecidos libros de memorias de Primo Levi, Claude Lanzmann ou Elie Wiesel. Salientamos deseguido as obras referidas aos campos para mulleres e ás vítimas femininas porque estes son o asunto central da novela *Laura no deserto* de Antón Riveiro Coello e porque as mulleres padeceron, aínda, maiores suplicios nos campos nazis.

ÁLVAREZ, Mónica, 2012, *Guardianas nazis. El lado femenino del mal*. Edaf, Chile.

ÁLVAREZ DE EULATE GONZÁLEZ, Eva, 2010, *Deportada 27372 en Ravensbrück. La traversée de la nuit de Geneviève de Gaulle Anthonioz*, Ed. Universidad de Valladolid. Serie Historia. nº 137. Isbn: 978-84-8448-526-1, 160 páxinas.

AYLMER-ROUBENNE, Madeleine, 1997, *'Ai donné la vie dans un camp de la mort. Un témoignage bouleversant*, Ed. Éditions de la Seine. Colección: Succes du livre. Préface de Geneviève de Gaulle-Anthonioz. ISBN: 2-7382-1244-1, 207 páxinas (en Francés).

BEA PÉREZ, Emilia, 2007, *María Skobtsov. Madre espiritual y víctima del Holocausto*, Ed. Narcea. ISBN: 978-84-277-1542-0, 118 páxinas.

CATALÁ, Neus, 2000, *De la resistencia y la deportación. 50 testimonios de mujeres españolas*. Ed. Península. 414 páxinas, ISBN: 84-8307-283-1.

GRISPAN, I. e POIROT-DELPECH, B., 2011, *Yo no lloré*, Anthopos, Barcelona.

KRESSMANN TAYLOR, K., 2007, *Enderezo descoñecido*, Xerais, Vigo.

LOWER, W., 2013, *Las arpías de Hitler. La participación de las mujeres en los crímenes nazis*, Crítica, Barcelona.

NÚÑEZ TARGA, M., 2011, *Destinada al crematorio*, Renacimiento Editorial.

POLTAWSKA, Wanda, 2010, *E ho paura dei miei sogni. I miei giorni nel lager di Ravensbrück*, Edizioni San Paolo, S.r.l. Traducción del polaco al italiano, Luigi Crisanti. ISBN: 978-88-215-6915-9, 255 páxinas (en Italiano).

TILLON, Raymonde, 2002, *J'ecris ton nom, Liberté. Des camps nazis a l'Assemblée nationale*, Collection Résistance. Liberté-Mémoire. Kiron Éditions du Félin. ISBN: 2-86645-421-9. 221 páxinas (en Francés).

3. Sitios na Rede para saber máis sobre o Holocausto.

- A [Unesco](http://www.unesco.org/new/es/unesco/events/prizes-and-celebrations/celebrations/international-days/commemoration-in-memory-of-the-victims-of-the-holocaust/) ofrece un sitio específico sobre a memoria do Holocausto: <http://www.unesco.org/new/es/unesco/events/prizes-and-celebrations/celebrations/international-days/commemoration-in-memory-of-the-victims-of-the-holocaust/>.
- O sitio virtual do [Museo da Memoria do Holocausto](http://www.yadvashem.org/) (Yad Vashem de Jerusalem: <http://www.yadvashem.org/>) ofrece recursos multimedia que describen ben as características e consecuencias da Shoáh.
- O Instituto de Tecnoloxías da Educación ofrece na súa sección de recursos para o profesorado e na de Historia diferentes materiais para o [Día Anual del Recuerdo del Holocausto. Ana Frank](#).
- O *sitio de Sefarad israel* <http://www.casasefarad-israel.es/site/es/nosotros/inicio> e nomeadamente <http://www.sefarad-israel.es/holocausto-conmemoracion>.
- O repositorio de recursos audiovisuais na web do Centro Autonómico de Formación e Innovación Educativa (Consellería de Cultura, Educación e O. Universitaria da Xunta de Galicia: <http://www.edu.xunta.es/centros/cafi/aulavirtual/course/view.php?id=418>).
- Os paneis da exposición elaborada polos profesores do Grupo Eleuterio Quintanilla poden descargarse en formato de fichas en www.equintanilla.com.
- Sobre a persecución aos xudeos en Franza durante a Segunda Guerra Mundial, que comezou coa [redada do Vel d'Hiv, do Velódromo de Invierno, executada en 1942](http://cultura.elpais.com/cultura/2012/06/26/actualidad/1340734326_542670.html) (http://cultura.elpais.com/cultura/2012/06/26/actualidad/1340734326_542670.html).
- Sobre a participación da División Azul española na guerra xermanosoviética e o seu coñecemento do programa de exterminio do pobo xudeo polos nazis: os artigos de X. M. Núñez Seixas, 2008, "[El Tercer Reich, la Wehrmacht y la División Azul, 1941-1945](#)", *Ayer*, 69, pp. 47-72. (en liña: http://www.usc.es/export/sites/default/gl/departamentos/hiscoamg/descargas/Artigo_el_Tercer_Rei_ch.pdf) e "[Testigos o encubridores?. La División azul y el holocausto de los judios europeos](#)", *Historia y Política*, nº 26, 2011, paxs. 256-290 (en liña:

<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/departamentos/hiscoamg/descargas/TestigosEncubridores.pdf>).

- Biografía e informes sobre [Mercedes Núñez](http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=9) no Album de Mulleres do Consello da Cultura Galega (<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=9>) e en http://ccaa.elpais.com/ccaa/2012/07/18/galicia/1342610887_734959.html.

- Sobre [Angel Sanz Briz](#) e outros diplomáticos españois que axudaron a milleiros de xudeos en diversos lugares de Europa, polo que foron recoñecidos como [xustos das nacións](#) por Israel.

- Sobre os [exiliados republicanos](#) españois en Franza que formaron parte dos batallóns de traballo e, posteriormente, da [resistencia e de diversas unidades de combate do exército francés](#) incluída a célebre [División Leclerc](#) que tomou París con carros de combate bautizados con nomes españois.

- O sitio da [Asociación de Amigos de Mauthausen](#) ofrece información xenérica sobre os milleiros de españois republicanos que acabaron recluídos e gaseados nos campos de exterminio de Mauthausen e Ravensbruck coa aquiescencia do réxime franquista.

3. Algunhas **películas documentais** sobre o Holocausto

- O titulado *Visados para la libertad. Diplomáticos españoles ante el Holocausto*, Casa Sefarad Israel en España: www.casasefarad-israel.es.

- a [Conferencia de Ana María Sánchez](#) sobre os republicanos españois confinados no campo de exterminio nazi de Mauthausen pode verse en http://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=SD0UCyAiqJQ.

- Sobre os [galegos no campo de exterminio de Mauthausen](#) (http://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=LMSpEoRtyGM).

- Sobre as probas documentais do xenocidio nazi reunidas por [Francisco Boix](#) en Mauthausen (<http://www.youtube.com/watch?v=62NT7BIs0Tc>).

- Sobre o diplomático Angel Sanz Briz: http://www.documaniatv.com/biografias/sanz-briz-el-angel-de-budapest-video_216cb97c9.html.

- Visita dos alumnos e profesores do IES A Sangriña a Auschwitz-Birkenau dispoñible en: <http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazo/repositorio/cont/memoria-do-holocausto-auschwitz-birkenau>

- Sobre Ana Frank: http://ntic.educacion.es/w3/novedades/dossiers/ana_frank/index.htm

- Sobre a importancia da estación ferroviaria de [Canfranc](#), no Pirineo Central de Huesca, como centro de contrabando fronteirizo e vía de escape dos espías aliados e dos xudeos a pesares da presenza de informadores alemáns, oficiais da Gestapo e chivatos da Franza colaboracionista de Petain, durante a Segunda Guerra Mundial. Salientamos [El rey de Canfranc](#), de M. Priede e J.A. Blanco que relata a actuación dun xefe da aduana francesa que deixou pasar a centos de xudeos que fuxían do horror nazi, entre eles artistas como Max Ernst ou Marc Chagall.